



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de xaneiro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de decembro do dous mil doce.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON VICTOR ALFONSO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ con DNI nº 34.934.291-M**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Polvorín nº19-2º ESQ, en o Ourense, con número de expediente **RIB/N/03/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 04.01.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa Muñoz Calero, nº36-38, en Ribadavia (Ref. Catastral 12348/16), a solicitude de Don **Victor Alfonso Rodríguez Rodríguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Antonio Cartolano Blanco con DNI nº45.163.948-K**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 5º D, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 5º d, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28-11-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Eduardo Álvarez Santamaría con DNI nº34.626.603-D**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 4º C, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 4º C, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-12-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.- Visto o escrito presentado por **DONA ANA MARÍA BLANCO SOUSA con DNI nº36.066.951-D**, con domicilio na Rúa Salgado Moscoso nº 17, portal 1, 1º C, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Rúa Salgado Moscoso nº 17, portal 1, 1º C, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 10-12-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- Visto o escrito presentado por **DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ PÉREZ con DNI nº76.706.337-A**, con domicilio na Rúa Hermanos Álvarez Araujo nº 3, planta 1ª, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Hermanos Álvarez Araujo nº 3, planta 1ª, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 20-12-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense, con data RE 28 de decembro de 2012, Nº RE 6218, relativa a auto no procedemento abreviado 04/2012.
2. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense, con data RE 26 de decembro de 2012, Nº RE 6168 relativa a peza separada de suspensión de medidas cautelares no procedemento abreviado 294/2012.
3. Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 2ª, con data RE 26 de decembro de 2012, Nº RE 6166 relativa a tasación de costas no procedemento ordinario 4152/2001.
4. Comunicación do letrado do Concello, relativa a sentenza no procedemento ordinario 15169/2010.
5. Comunicación da Xefatura Territorial da Concellería de Economía e Industria con data RE 26 de decembro de 2012, Nº RE 6165 relativa a reiteración do requerimento de recoñecemneto periódico da C.T depuradora de Francelos.
6. Comunicación da Consellería de Educación e Odenación Universitariacon data RE 02 de xaneiro de 2013, Nº RE 6166 relativa a ratificación da incorporación do Concello a Rede de Dinamización linguística.
7. Comunicación da Consellería de Educación e Odenación Universitariacon data RE 02 de xaneiro de 2013, Nº RE 19, relativa a ratificación da incorporación do Concello a Rede de Dinamización linguística.
8. Comunicación da representación española na Comisión Europea con data RE 03 de xaneiro de 2013, Nº RE 43, relativa a resultado do procedemento de elección de Europa Direct.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por Dona Genoveva Garcia Somoza no que solicita o dereito funerario sobre a sepultura 430 do cemeterio municipal e comprobado en base a solictude de enterramento de data 27 de xaneiro de 2006 que efectivamente unha familiar directa está alí enterrada o cal se corrobora pola testemuña do enterrador municipal.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes acorda autorizar o dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura 430 do socalco terceiro a Dona Genoveva Garcia Somoza.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DENOMINADO " MATERIAIS ELÉCTRICOS PARA DISTINTOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA".-

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato de "*Materiais Eléctricos para distintos Departamentos do Concello de Ribadavia*".

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó 17 de decembro de 2012, mediante acordo de Xunta a Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade e invitando as seguintes empresas:*Ferreteria Avenida, Amando S.L.eFerreteria Chito S.L.*

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura das mesmas mediante constitución de mesa de contratacion ao efecto de data 02 de xaneiro de 2013.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1. Adxudicar o contrato denominado "*Materiais Eléctricos para distintos Departamentos do Concello de Ribadavia*" a empresa Amanndo S.L. O adxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 1000 € na tesoureria municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo.
2. A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación definitiva, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

XERACION DE CRÉDITOS.-

Dase conta de acordos da Presidencia de data 28.12.2012, relativo a aprobación de expedientes de xeración de créditos, quedando todos os integrantes da comisión enterados dos mesmos e que de seguido transcribense:

"XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/12.-

"Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10/12, por importe de 3.975 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/12.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº11/12, por importe de 46.320,08 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



